

ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL O DÍA VINTE E UN DE DECEMBRO DE 2023 CON CARÁCTER ORDINARIO

SRES. ASISTENTES:

Alcalde-Presidente	D. CARLOS MARTÍNEZ CARRILLO
Tenentes de Alcalde:	D. MANUEL COSTA CARNEIRO D. ENRIQUE VÁZQUEZ MARTÍNEZ D ^a . MARÍA SUSANA GARCÍA LEMA D ^a . DIANA VARELA BARREIRO
Secretario	D. CARLOS J. MÉNDEZ –LOSADA ABALO

Na casa do Concello de Vedra, sendo as vinte horas e vinte e cinco minutos do día vinte e un de decembro de dous mil vinte e tres, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde-Presidente don Carlos Martínez Carrillo, reúnese en sesión ORDINARIA a XUNTA DE GOBERNO LOCAL, figurando os membros da mesma ao inicio desta acta.

Declarado aberto o acto pola Presidencia seguidamente pasan a tratar os asuntos incluídos na seguinte

ORDE DO DÍA

1º.- Aprobación, se procede, de actas de sesións anteriores (16/11/2023).

Dáse conta da acta da sesión celebrada o día dezaseis de novembro do ano que andamos, que se aproba por unanimidade.

2º.- Instancias de obras de particulares e comunicacións previas.

2.1.- Comunicación de obra de don Víctor Fernández Albela. (Expediente número 2023/U026/000075)

Dáse conta do citado expediente de comunicación de obra promovido por don Victor Fernández Albela para instalación solar fotovoltaica sobre cuberta de edificación, para autoconsumo de 6,00 kWp, nos termos da documentación técnica achegada que consta no expediente.

As actuacións comunicadas levaranse a cabo sobre a parcela con referencia catastral 15090A50600730, emprazada en Sarandón, 37 - Sarandón (San Miguel), en solo cualificado polo vixente PXOM deste concello como Dos núcleos rurais N-1, e cun prazo de execución de 12 meses.

A Xunta de Goberno Local, á vista do contido do expediente e a salvo do dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, acorda:

Primeiro.- Tomar coñecemento da mencionada comunicación previa e do seu contido, debendo axustarse aos termos da documentación técnica achegada e aos datos comunicados.

Segundo.- Aprobar a liquidación provisional do imposto correspondente que ascende á cantidade de douscentos dezaioito euros con corenta céntimos (#218,40#).

2.2.- Instancia núm. 202399900000184 de dona Guadalupe Ferreiro Martínez. (Expediente número 2023/U022/000012)

Dáse conta da citada instancia na que dona Guadalupe Ferreiro Martínez e dona Rosa María Ferreiro Martínez, solicitan licenza para obras de rehabilitación de edificación para dúas vivendas - BA e 1A en Ponte Ulla, 14 - Ponte Ulla (expediente núm.: 2023/U022/000012), en solo cualificado como “Urbano. Plan Especial de Ponte Ulla”, segundo o vixente PXOM, nos termos da documentación

técnica achegada (proxecto básico) asinada por Eugenio Torreira Pais, en calidade de arquitecto, e un presuposto de execución material de 114.100,00 euros, coas seguintes características:

PARÁMETRO	ORDENANZA PU	PROXECTO
Parcela (neta) mínima (m ²)	-	1199,00
Parcela bruta total (m ²)		1211,00
Cesións regularización vías (m ²)	A aliñación	12
Edificabilidade máxima (m ² /m ²)	FICHA B08	304,00 m2
Ocupación máxima (%)	FICHA B08	138,00 m2
Aliñación (m)	Plan. / 4,00 eixo	> 3,00 m
Recuamentos (m)	Aliñ>3,00	3,00
Alturas (Plantas/m)	B+1 / 7,00	B+1+BC
Altura soto sobre rasante (m)	Teito < 0,60	-
Usos	Viv. plurifamiliar	Viv. plurifamiliar

As actuacións cumpren, dende o punto de vista técnico, o vixente Plan Xeral de Ordenación Municipal deste concello de Vedra e executaranse sobre a parcela con referencia catastral: 8966516NH4386N.

Dáse conta tamén da autorización outorgada mediante Resolución da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural de data 12/09/2023 (expediente.: SPR-2023-1538.AUI), para as actuacións solicitadas, con condicións.

A Xunta de Goberno Local, á vista do contido do expediente e do informe emitido polos servizos técnicos municipais e a salvo do dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, acorda conceder a licenza solicitada, debendo as obras ou actuacións atender ás seguintes condicións:

1º.- O prazo para o inicio das obras será de seis meses e de tres anos para a finalización, a contar dende a data de concesión da licenza. O incumprimento dos prazos sinalados determinará a caducidade da licenza, previa incoación de expediente de caducidade con audiencia ao interesado/a. Os prazos sinalados poderán prorrogarse de conformidade co establecido na lexislación vixente.

2º.- Executaranse conforme á documentación técnica achegada asinada por Eugenio Torreira Pais, e ás condicións do informe sectorial emitido, sen que se poida alterar o proxecto ou actuacións autorizadas, se previamente non se solicita e obtén do concello de Vedra a autorización expresa para tal alteración.

Previo ao inicio da actuación deberá achegarse proxecto de execución e oficio de dirección de obra e de execución.

O promotor responderá dos posibles danos que se causen no espazo público con motivo da execución das obras ou actuacións. No caso de ser preciso o valado da obra ou actuación deberá reunir as debidas condicións de seguridade para a protección da vía pública e estarán debidamente sinalizados, especialmente durante a noite. Non será preciso o permiso de valado cando a obra ou actuación se realice no interior da parcela, sen afectar á vía pública. Os medios auxiliares a empregar dotaranse das medidas de protección precisas para evitar, de ser o caso, que materiais e ferramentas poidan caer á rúa, a fin de non comprometer a seguridade pública. No caso de ser preciso a ocupación de parte da vía pública con estadas ou similar, deberá resolverse o paso dos viandantes en condicións axeitadas de seguridade. Se é preciso desviar o tráfico peonil antes da realización das obras deberá solicitarse autorización para que, por parte dos servizos técnicos municipais, se dean as indicacións oportunas para a súa correcta disposición. Disporanse os medios auxiliares precisos para non afectar nin provocar prexuízos ás edificacións lindadeiras ou a terceiros.

Os residuos de construción producidos durante a execución das obras ou actuacións serán levados a vertedoiro autorizado.

Os traballos realizaranse baixo a vixilancia do persoal encargado do mantemento das redes de abastecemento e saneamento cando estas existan na zona da actuación. En caso contrario e á vista do disposto no artigo 24 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia deberá dotar á finca de abastecemento de auga e de sistema de eliminación de augas residuais, de forma simultánea coa edificación, achegando as autorizacións preceptivas de Augas de Galicia.

As obras cumprirán ademais as disposicións do código técnico da edificación que lle resulten de aplicación, debendo garantirse o seu cumprimento durante a execución. A licenza concedida non autoriza a execución de peches nin valados na parcela non reflectidos no proxecto. Os beirís de cuberta non excederán os 0,40 m. de saínte, conforme ao artigo 18.17 da normativa urbanística do vixente PXOM.

Rematada a construción, instalación, ampliación ou reforma dunha edificación e recibidas as obras de urbanización (cando proceda), non poderá ser utilizada se o beneficiario da licenza de obra non comunica a primeira ocupación da edificación, achegando a documentación preceptiva.

3º.- Así mesmo, e á vista do disposto no artigo 24 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, acéptase a cesión de terreo para a regularización da vía pública nos termos do disposto na documentación achegada para os efectos, e no plano do proxecto número 02, de 12,00 m², e que, previos os trámites oportunos, será incorporada ao Inventario Municipal de Bens, debendo chegar previamente ao inicio das obras escritura pública, inscrita no Rexistro da Propiedade correspondente, a favor do concello de Vedra e libre de cargas, na que se formalice a mencionada cesión. En todo caso a comunicación de primeira ocupación estará condicionada ao cumprimento efectivo destes requisitos e á xustificación documental e gráfica dos mesmos.

Durante a execución das obras ou actuacións o persoal dos servizos técnicos municipais do concello de Vedra poderá inspeccionar os traballos sempre que o xulguen conveniente ou o ordene a autoridade municipal.

Deberase dispoñer nas obras e actuacións obxecto de licenza do proxecto autorizado e da licenza, así como do cartel de obra nun lugar visible. O cartel de obra será facilitado polo concello, previa liquidación das taxas correspondentes e vixentes.

Apróbanse as seguintes liquidacións:

- Impostos sobre construcións, instalacións e obras (provisional): Tres mil catrocentos vinte e tres euros (#3.423,00#).
- Taxas expedición de cartel de obra: Cento cincuenta euros (#150,00#).

Os interesados ingresarán, na conta sinalada para os efectos, os importes das liquidacións de dereitos resultantes do expediente e, logo de acreditado o pagamento, expedirase a licenza e o cartel de obra.

Coa certificación final de obra e a comunicación de primeira ocupación deberá achegarse a liquidación definitiva da obra ou actuación para o cálculo final do imposto de construcións, instalacións e obras.

2.3.- Comunicación de obra de dona María de los Milagros Carbia Carril. (Expediente número 2023/U026/000078)

Dáse conta do citado expediente de comunicación de obra promovido por dona María de los Milagros Carbia Carril para reparación de muro de peche de cachotería, con limpeza do mesmo, retirando hedras e herbas varias, así como lavado con auga a presión, rexuntando a base de morteiro e cemento e area, e colocación dunha tapa superior de chapa de granito silvestre.

As actuacións comunicadas levaranse a cabo sobre a parcela con referencia catastral 2465802NH4326N, emprazada en Marzán de Abaixo, 20 - Vedra, en solo cualificado polo vixente PXOM deste concello como Dos núcleos rurais N-1, e cun prazo de execución de 6 meses.

A Xunta de Goberno Local, á vista do contido do expediente e a salvo do dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, acorda:

Primeiro.- Toma coñecemento da mencionada comunicación previa e do seu contido, debendo axustarse aos termos da documentación achegada e aos datos comunicados.

Segundo.- Acorda aprobar a liquidación provisional do imposto correspondente que ascende á cantidade de cincuenta euros (#50,00#).

2.4.- Instancia núm. 202399900001096 de UFD Distribución Electricidad, S.A. (Expediente número 2023/U022/000039)

Dáse conta da citada instancia na que dona Ana María Salgado López, en representación de UFD Distribución Electricidad, S.A solicita licenza para obras de subministración de 5,75 kW para vivenda unifamiliar, liña subterránea de baixa tensión desde PAS ata a CPM a instalar, sendo a canalización da obra de 58 metros, RBTS – Avenida Mestre Manuel Gómez Lorenzo , s/n (Vedra) con SGD: 618523080041 (expediente núm.: 2023/U022/000039), en solo cualificado polo vixente PXOM como Residencial de baixa densidade en tipoloxía mixta, sometido á ordenanza U-1, e nos termos do proxecto técnico achegado asinado por Susana Casais Pérez, en calidade de enxeñeira industrial, cun orzamento provisional de 7.433,68 euros.

Dáse conta tamén da autorización do Servizo de Vías e obras da Deputación da Coruña, expediente 2023000035901. DP 1202.

A Xunta de Goberno Local, á vista do contido do expediente e do informe emitido polos servizos técnicos municipais, e a salvo do dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, acorda conceder a licenza solicitada de obra e ocupación do dominio público, debendo axustarse ás seguintes condicións:

1º.- O prazo para o inicio das obras será de seis meses e de tres anos para a finalización, a contar dende a data de concesión da licenza.

2º.- As obras axustaranse ás seguintes condicións: executaranse conforme á documentación técnica achegada de data 04/09/2023, así como ao contido da autorización sectorial.

3º.- Por tratarse dun uso común especial do dominio público e suxeito a licenza, deberá terse en conta o disposto nos artigos 3, 74 e seguintes do Real Decreto 1372/1986, do 13 de xuño, de bens das entidades locais, e a licenza entenderase axustada á natureza do dominio, ás actas da súa afectación e apertura ao uso público e aos preceptos de carácter xeral; adecuándose á información gráfica que foi presentada. As licenzas outórganse directamente “salvo que por calquera circunstancia se limitara o número das mesmas, en cuxo caso outorgaranse por licitación”, circunstancia que non concorre no expediente ao que se refire o presente acordo.

Así mesmo teranse en conta as seguintes condicións: a autorización non é transmisíbel. Poderá ser revocada unilateralmente en calquera momento por razóns de interese público sen xerar indemnización cando resulten incompatibles coas condicións xerais aprobadas con posterioridade, produzan danos no dominio público, impidan a súa utilización para actividades de maior interese público ou menoscaben o uso xeral. O interesado asume a responsabilidade derivada da ocupación; acepta a revogación unilateral, sen dereito a indemnizacións, por razóns de interese público nos supostos previstos no apartado 4 do artigo 92 da LPAP.

Dáse conta de que se constituíu garantía suficiente aos efectos da reparación dos posibles danos que a execución das obras poidan ocasionar na vía pública con rexistro de entrada neste concello número 20219990000122 de data 03/03/2021.

Así mesmo deberase garantir a circulación do tráfico de vehículos e persoas sinalizando correctamente as obras.

As actuacións solicitadas executaranse en condicións de seguridade e no menor tempo posible, de cara a minimizar as molestias aos usuarios da vía, sen que poida interromperse o tráfico rodado.

4º.- Aprobar a liquidación provisional do imposto municipal que ascende á cantidade de cento corenta e oito euros con sesenta e sete céntimos (#148,67#)

2.5.- Instancia núm. 20239990000188 de Cabañas de Siradella, S.L. (Expediente número 2023/U024/000002)

Dáse conta da citada instancia na que don Alexander Vasilenko Zamiatin. En representación de Cabañas de Siradella, S.L, solicita licenza para actuacións de movemento de terras con explanación e nivelación superficial, de aproximadamente 40 cm de espesor, para plantación de viñado sobre unha superficie de 49,313 m²; montaxe de rede superficial de rega e plantación de vides en espaleira, (expediente núm.: 2023/U024/000002), en solo cualificado como “Solo rústico de especial protección forestal. R-3” e “solo rústico de especial protección agrícola. R.2”, segundo o vixente PXOM, e nos termos do proxecto técnico achegado asinado por Jorge Couceiro Dorelle, en calidade enxeñeiro técnico forestal.

As actuacións cumpren, dende o punto de vista técnico, o vixente Plan Xeral de Ordenación Municipal deste concello de Vedra e executaranse sobre das parcelas con referencia catastral: 15090A50701950, 15090A50701951, 15090A50701952, 15090A50701953, 15090A50701954, 15090A50701955, 15090A50703008.

Dáse conta tamén das autorizacións outorgadas por:

- Servizo de Montes, da Consellería do Medio Rural, de data 27/10/2023, ID – 444, con condicións.
- Augas de Galicia, do 23/11/2023, expediente DH.B15.93616, de dereito a uso privativo, con destino a rega, dun pozo sobre da parcela 1954 do polígono 507 do catastro de rústica deste concello.
- Autorización da Consellería do Medio Rural, de data 21/11/2023, expediente 2023/2765770.

A Xunta de Goberno Local, á vista do contido do expediente e do informe emitido polos servizos técnicos municipais, acorda conceder a licenza solicitada, a salvo do dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, debendo as obras ou actuacións axustarse e atender ás seguintes condicións:

1º.- O prazo para o inicio das obras será de seis meses e de tres anos para a finalización, a contar dende a data de concesión da licenza. O incumprimento dos prazos sinalados determinará a caducidade da licenza, previa incoación de expediente de caducidade con audiencia ao interesado. Os prazos sinalados poderán prorrogarse de conformidade co establecido na lexislación vixente.

2º.- Executaranse conforme á documentación técnica achegada e que consta no expediente, sen que se poida alterar o proxecto ou actuacións autorizadas, se previamente non se solicita e obtén do concello de Vedra a autorización expresa para tal alteración.

As espaleiras situaranse a un mínimo de 6m do eixe de calquera camiño municipal.

Non se afectará ningún elemento da vía ou espazo público (pavimentos, beirarrúas, canalizacións, etc.), que non foran autorizados polo concello. O promotor responderá dos posibles danos que se causen no espazo público con motivo da execución das obras, movemento de maquinaria, etc. No caso de ser preciso o valado da obra ou actuación deberán reunir as debidas condicións de seguridade para a protección da vía pública e estarán debidamente sinalados, especialmente durante a noite.

Non será preciso o permiso de valado cando a obra ou actuación se realice no interior da parcela, sen afectar á vía pública.

Durante a execución das obras ou actuacións o persoal dos servizos técnicos municipais do concello de Vedra poderán inspeccionar os traballos sempre que o xulguen conveniente ou o ordene á autoridade municipal.

As obras ou actuacións deberán cumprir as disposicións da normativa sectorial que lle resulten de aplicación e nos termos das autorización outorgadas.

A licenza non autoriza a execución de peches nin valados, nin calquera outra actuación, nas parcelas de actuación, non reflectida no proxecto obxecto deste expediente.

Esta licenza non terá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de mil cento noventa e oito euros con noventa e nove céntimos (#1.198,99#€)

2.6.- Comunicación de obra de Solar Profit Energy Services, S.L. (Expediente número 2023/U026/000068)

Dáse conta do citado expediente de comunicación de obra promovido por don Roger Fernández Girona, en representación de Solar Profit Energy Services, S.L para instalación solar fotovoltaica sobre cuberta de edificación cunha potencia nominal de saída total de 5 kVA e potencia pico 3,85 kW, nos termos da documentación técnica achegada asinada por Roger Fernández Girona de data 29/11/2023.

As actuacións comunicadas levaranse a cabo sobre a parcela con referencia catastral 15090A00200872, emprazada en Laraño, 57 - Sales (San Xíán), en solo cualificado polo vixente PXOM deste concello como Dos núcleos rurais N-1, e cun prazo de execución de 12 meses.

A Xunta de Goberno Local, á vista do contido do expediente e a salvo do dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, acorda:

Primeiro.- Tomar coñecemento da mencionada comunicación previa e do seu contido, debendo axustarse aos termos da documentación técnica achegada e aos datos comunicados.

Segundo.- Aprobar a liquidación provisional do imposto correspondente que ascende á cantidade de oitenta e tres euros con setenta e un céntimos (#83,71#).

2.7.- Comunicación de obra de don José Luís Mujico Martínez. (Expediente número 2023/U026/000073)

Dáse conta do citado expediente de comunicación de obra promovido por don José Luis Mujico Martínez para impermeabilización de fachada e tellado de edificación con pintura de cloro-caucho nos termos da documentación achegada.

As actuacións comunicadas levaranse a cabo sobre a parcela con referencia catastral 15090B50400223, emprazada en Raxoi - Vilanova (San Pedro), en solo cualificado polo vixente PXOM deste concello como Solo rústico de especial protección agropecuaria R-2, e cun prazo de execución de 12 meses.

A Xunta de Goberno Local, á vista do contido do expediente e a salvo do dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, acorda:

Primeiro.- Tomar coñecemento da mencionada comunicación previa e do seu contido, debendo axustarse aos termos da documentación técnica achegada e aos datos comunicados.

Segundo.- Aprobar a liquidación provisional do imposto correspondente que ascende á cantidade de euros cincuenta e sete euros con sesenta e catro céntimos (#57,64#).

2.8.- Autorización de ocupación do dominio público. (Expediente número 2023/U026/000077)

Dáse conta do citado expediente tramitado a instancias de María Lourdes Peñalver Martínez en representación de Telefónica de España, S.A. (Barcelona) para instalación de dous postes de fibra do tipo 8FVA-250 en vía pública (P-3667 y P-3668). Ref. 8565861 - 3906072 en SARANDÓN (SAN PEDRO), nos termos da documentación técnica achegada de data 26/10/2023 e número de proxecto 8565861. As actuacións supoñen unha ocupación de terreos de dominio público.

A Xunta de Goberno Local, á vista do contido do expediente, acorda:

Primeiro.- Outorgar a licenza de uso común especial para as actuacións descritas na documentación técnica achegada asinada por Alfonso Goday Otero en calidade de Enxeñeiro Técnico Industrial.

Por tratarse dun uso común especial do dominio público e suxeito a licenza, deberá terse en conta o disposto nos artigos 3, 74 e seguintes do Real Decreto 1372/1986, do 13 de xuño, de bens das entidades locais, e a licenza entenderase axustada á natureza do dominio, ás actas da súa afectación e apertura ao uso público e aos preceptos de carácter xeral; adecuándose á información gráfica que foi presentada. As licenzas outórganse directamente “salvo que por calquera circunstancia se limitara o número das mesmas, en cuxo caso outorgaranse por licitación”, circunstancia que non concorre no expediente ao que se refire o presente acordo.

Así mesmo teranse en conta as seguintes condicións: a autorización non é transmisíble. Poderá ser revocada unilateralmente en calquera momento por razóns de interese público sen xerar indemnización cando resulten incompatibles coas condicións xerais aprobadas con posterioridade, produzan danos no dominio público, impidan a súa utilización para actividades de maior interese público ou menoscaben o uso xeral. O interesado asume a responsabilidade derivada da ocupación; acepta a revogación unilateral, sen dereito a indemnizacións, por razóns de interese público nos supostos previstos no apartado 4 do artigo 92 da LPAP.

Deberá constituírse garantía suficiente aos efectos da reparación dos posibles danos que a execución das obras poidan ocasionar na vía pública. Estando condicionado o inicio das actuacións ao cumprimento da mesma.

Así mesmo deberase garantir a circulación do tráfico de vehículos e persoas sinalizando correctamente as obras.

As actuacións solicitadas executaranse en condicións de seguridade e no menor tempo posible, de cara a minimizar as molestias aos usuarios da vía, sen que poida interromperse o tráfico rodado.

Segundo.- Notificar o presente acordo aos interesados no expediente.

2.9.- Instancia de dona Socorro Lema Rey. (Expediente número 2023/U018/000003).

Pola Xunta de Goberno Local en sesión de data 13/04/2023 aprobouse a instancia de dona Socorro Lema Rey a declaración de non necesidade de licenza para parcelamento de finca, emprazada en A Lagoa - Ribadulla (Santa Cruz), en dúas parcelas resultantes, nos termos da documentación técnica achegada asinada por Francisco Javier Bellet García en calidade de enxeñeiro técnico agrícola e de data 05/02/2023. A parcela atópase en solo cualificado polo Plan Xeral de Ordenación Municipal como Solo dos núcleos rurais N-1 e Solo de expansión dos núcleos rurais N-2.

Achégase agora anexo de corrección de erros da superficie resultante da parcela 1680.

A Xunta de Goberno Local á vista do contido do informe emitido polos servizos técnicos municipais acorda a corrección de erros nos termos do anexo que se achega de data 18/10/2023.

2.10.- Instancia de don Javier Alvela Edreira. (Expediente número 2023/U018/000010)

Dáse conta da citada instancia na que o interesado solicita licenza para parcelamento de finca en Sarandón (San Miguel), parcela 632 da zona de concentración parcelaria de San Miguel e San Pedro de Sarandón, en tres parcelas resultantes e unha parcela para regularización do viario, nos termos da documentación técnica achegada asinada por José M. Pena Alonso en calidade de enxeñeiro técnico agrícola e de data 24/08/2023.

A parcela atópase en solo cualificado polo Plan Xeral de Ordenación Municipal como De expansión dos núcleos rurais N-2.

Dáse conta da autorización outorgada pola Deputación Provincial da Coruña, Servizo de Vías e Obras, Expediente: 2023000035182, DP 8901, debendo axustarse ao seu contido.

A Xunta de Goberno Local, á vista do contido do expediente e do informe dos servizos técnicos municipais, acorda conceder a licenza para parcelamento da finca descrita no proxecto mencionado, emprazada en Sarandón (San Miguel), nos termos da documentación técnica achegada e aprobar a liquidación das taxas correspondentes, xa ingresadas na tesouraría municipal, e que ascenderon á cantidade de cento oitenta euros (#180,00#).

Así mesmo, e á vista do disposto nos artigos 24 e 150 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, acéptase a cesión para a regularización do viario nos termos do disposto na documentación achegada para os efectos, e no plano do proxecto número 2,8, de 400,50 m². e que, previos os trámites oportunos, será incorporada ao Inventario Municipal de Bens, debendo achegar escritura pública, inscrita no Rexistro da Propiedade correspondente, a favor do concello de Vedra e libre de cargas, na que se formalice a mencionada cesión.

2.11.- Instancia núm. 202399900000132 de don Miguel Estévez Campos (Expediente número 2022/U022/000030)

Dáse conta da citada instancia na que o interesado achega documentación técnica modificada para obras de rehabilitación de vivenda unifamiliar en Marzán de Abaixo, 7 - Vedra (expediente núm.: 2022/U022/000030), en solo cualificado como “Dos núcleos rurais. N-1”, segundo o vixente PXOM, nos termos da documentación técnica achegada asinada por Juan José Esturao Pena, Ana Irisarri Vázquez, en calidade de arquitectos.

Con data do 11/05/2023 a Xunta de Goberno Local concedeu licenza para as actuacións das que agora se solicita modificación á vista da nova documentación técnica achegada.

As actuacións cumpren, dende o punto de vista técnico, o vixente Plan Xeral de Ordenación Municipal deste concello de Vedra e executaranse sobre a parcela con referencia catastral: 2264506NH4326N.

A Xunta de Goberno Local, á vista do contido do expediente e do informe emitido polos servizos técnicos municipais e a salvo do dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, acorda a modificación da licenza concedida con data do 11/05/2023 nos termos da documentación técnica achegada e con número de visado 2301852/3 e 2301852/4, manténdose as restantes condicións do acordo adoptado con data do 11/05/2023.

2.12 Autorización de ocupación do dominio público (Expediente número 2023/U026/000081)

Dáse conta do expediente municipal número 2023/U026/000081 tramitado a instancias de María Lourdes Peñalver Martínez en representación de Telefónica de España, S.A. (Barcelona) para

instalación de dous postes tipo 8FVA-250 en vía pública na rúa Alcalde Francisco Carrillo - Ribadulla (Santa Cruz). Ref. 8539305 - 3858111, nos termos da documentación técnica achegada de data 07/09/2023 e número de proxecto 8539305. As actuacións supoñen unha ocupación de terreos de dominio público.

A Xunta de Goberno Local, á vista do contido do expediente, acorda:

PRIMEIRO.- Outorgar a licenza de uso común especial para as actuacións descritas na documentación técnica achegada asinada por Manuel Rogelio Martínez Rodríguez en calidade de enxeñeiro de telecomunicacións.

Por tratarse dun uso común especial do dominio público e suxeito a licenza, deberá terse en conta o disposto nos artigos 3, 74 e seguintes do Real decreto 1372/1986, do 13 de xuño, de bens das entidades locais, e a licenza entenderase axustada á natureza do dominio, ás actas da súa afectación e apertura ao uso público e aos preceptos de carácter xeral; adecuándose á información gráfica que foi presentada. As licenzas outórganse directamente “salvo que por calquera circunstancia se limitara o número das mesmas, en cuxo caso outorgaranse por licitación”, circunstancia que non concorre no expediente ao que se refire o presente acordo.

Así mesmo teranse en conta as seguintes condicións: a autorización non é transmisible; poderá ser revocada unilateralmente en calquera momento por razóns de interese público sen xerar indemnización cando resulten incompatibles coas condicións xerais aprobadas con posterioridade, produzan danos no dominio público, impidan a súa utilización para actividades de maior interese público ou menoscaben o uso xeral; o interesado asume a responsabilidade derivada da ocupación; acepta a revogación unilateral, sen dereito a indemnizacións, por razóns de interese público nos supostos previstos no apartado 4 do artigo 92 da LPAP.

Deberá constituírse garantía suficiente aos efectos da reparación dos posibles danos que a execución das obras poidan ocasionar na vía pública. Estando condicionado o inicio das actuacións ao cumprimento da mesma.

Así mesmo deberase garantir a circulación do tráfico de vehículos e persoas; sinalizando correctamente a obras; as actuacións solicitadas executaranse en condicións de seguridade e no menor tempo posible, de cara a minimizar as molestias aos usuarios da vía, sen que poida interromperse o tráfico rodado.

SEGUNDO.- Notificar o presente acordo aos interesados no expediente.

2..13.- Instancia núm. 202399900000963 de don Roberto Vales Lobato (Expediente número 2023/U022/000035),

Dáse conta da citada instancia na que o interesado e dona María Luz Fernández Casal, solicitan licenza para obras de vivenda unifamiliar illada de PB en Angustín, 4 - Ribadulla (San Mamede) (expediente núm.: 2023/U022/000035), en solo cualificado como “De expansión dos núcleos rurais. n-2”, segundo o vixente PXOM, nos termos da documentación técnica achegada asinada por Jorge Vales Fernández, en calidade de arquitecto, sendo Ramón Otero Saavedra o arquitecto-técnico e coordinador de seguridade e saúde, e un presuposto de execución material de 98.333,00 euros, coas seguintes características:

PARÁMETRO	ORDENANZA N-1	ORDENANZA N-2		PROXECTO (N-2)
Parcela (neta) mínima (m ²)	300,00	600,00	(1)(2)	1515,12
Parcela bruta total (m ²)				1546,96

Cesións regularización vías (m ²)	A aliñación	A aliñación		31,84
Edificabilidade máxima (m ² /m ²)	0,40	0,30 (454,54m ²)		271,37 < (454,54)
Ocupación máxima (%)	50	40 (606,05) m ²		271,37 < (606,05)
Aliñación (m)	Plan. / 4,00 eixo	Aliñación / >3,00		Na aliñación
Recuamentos (m)	Aliñ/>3,00	>3,00	(3)	3,00
Alturas (Plantas/m)	S+B+1 / 7,00	S+B+1 / 7,00	(4)	B/4,75
Altura soto sobre rasante (m)	Teito < 0,60	Teito < 0,60		-
Usos	Viv. unifamiliar	Viv. unifamiliar		Viv. unifamiliar

As actuacións cumpren, dende o punto de vista técnico, o vixente Plan Xeral de Ordenación Municipal deste concello de Vedra e executaranse sobre a parcela con referencia catastral: 15090A50701555.

A Xunta de Goberno Local, á vista do contido do expediente e do informe emitido polos servizos técnicos municipais e a salvo do dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, acorda conceder a licenza solicitada, debendo as obras ou actuacións atender ás seguintes condicións:

1º.- O prazo para o inicio das obras será de seis meses e de tres anos para a finalización, a contar dende a data de concesión da licenza. O incumprimento dos prazos sinalados determinará a caducidade da licenza, previa incoación de expediente de caducidade con audiencia ao interesada/o. Os prazos sinalados poderán prorrogarse de conformidade co establecido na lexislación vixente.

2º.- Executaranse conforme á documentación técnica achegada asinada por Jorge Vales Fernández número de visado 2305099/4, sen que se poida alterar o proxecto ou actuacións autorizadas, se previamente non se solicita e obtén do concello de Vedra a autorización expresa para tal alteración.

O promotor responderá dos posibles danos que se causen no espazo público con motivo da execución das obras ou actuacións. No caso de ser preciso o valado da obra ou actuación deberá reunir as debidas condicións de seguridade para a protección da vía pública e estarán debidamente sinalados, especialmente durante a noite. Non será preciso o permiso de valado cando a obra ou actuación se realice no interior da parcela, sen afectar á vía pública. Os medios auxiliares a empregar dotaranse das medidas de protección precisas para evitar, de ser o caso, que materiais e ferramentas poidan caer á rúa, a fin de non comprometer a seguridade pública. No caso de ser preciso a ocupación de parte da vía pública con estadas ou similar, deberá resolverse o paso dos viandantes en condicións axeitadas de seguridade. Se é preciso desviar o tráfico peonil antes da realización das obras deberá solicitarse autorización para que, por parte dos servizos técnicos municipais, se dean as indicacións oportunas para a súa correcta disposición. Disporanse os medios auxiliares precisos para non afectar nin provocar prexuízos ás edificacións lindeiras ou a terceiros.

Os residuos de construción producidos durante a execución das obras ou actuacións serán levados a vertedoiro autorizado.

Os traballos realizaranse baixo a vixilancia do persoal encargado do mantemento das redes de abastecemento e saneamento cando estas existan na zona da actuación. En caso contrario e á vista do disposto no artigo 24 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia deberá dotar á finca de abastecemento de auga e de sistema de eliminación de augas residuais, de forma simultánea coa edificación, achegando as autorizacións preceptivas de Augas de Galicia.

Rematada a construción, instalación, ampliación ou reforma dunha edificación e recibidas as obras de urbanización (cando proceda), non poderá ser utilizada se o beneficiario da licenza de obra non comunica a primeira ocupación da edificación, achegando a documentación preceptiva.

3º.- Así mesmo, e á vista do disposto no artigo 24 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, acéptase a cesión de terreo para a regularización da vía pública nos termos do disposto na

documentación achegada para os efectos, e no plano do proxecto número U-04, de 31,84 m², e que, previos os trámites oportunos, será incorporada ao Inventario Municipal de Bens, debendo achegar previo ao inicio das obras escritura pública, inscrita no Rexistro da Propiedade correspondente a favor do concello de Vedra, na que se formalice a mencionada cesión, e libre de cargas, incluídos os contadores de subministros que deben situarse fóra da zona de cesión,. En todo caso a comunicación de primeira ocupación estará condicionada ao cumprimento efectivo destes requisitos e á xustificación documental e gráfica dos mesmos.

Por tratarse dun uso especial do dominio público, deberá terse en conta o disposto nos artigos 75 e seguintes do Real Decreto 1372/1986, do 13 de xuño, de bens das entidades locais, e a licenza entenderase axustada á natureza do dominio e aos actos da súa afectación; adecuándose á información gráfica que foi presentada.

Durante a execución das obras ou actuacións o persoal dos servizos técnicos municipais do concello de Vedra poderá inspeccionar os traballos sempre que o xulguen conveniente ou o ordene a autoridade municipal.

Deberase dispoñer nas obras e actuacións obxecto de licenza do proxecto autorizado e da licenza, así coma do cartel de obra nun lugar visible. O cartel de obra será facilitado polo concello, previa liquidación das taxas correspondentes e vixentes.

Apróbanse as seguintes liquidacións:

-Impostos sobre construcións, instalacións e obras (provisional): mil novecentos sesenta e seis euros con sesenta e seis céntimos (#1.966,66#).

-Taxas expedición de cartel de obra: Cento cincuenta euros (#150,00#).

Os interesados ingresarán, na conta sinalada para os efectos, os importes das liquidacións de dereitos resultantes do expediente e, logo de acreditado o pagamento, expedirase a licenza e o cartel de obra.

Coa certificación final de obra e a comunicación de primeira ocupación deberá achegarse a liquidación definitiva da obra ou actuación para o cálculo final do imposto de construcións, instalacións e obras.

2.14.- Comunicación de obra de dona Marcela Liliana Santorun Ardone
(Expediente número 2023/U026/000074)

Dáse conta do citado expediente de comunicación de obra promovido por dona Marcela Liliana Santorun Ardone para recolocación e substitución de tellas en mal estado e limpeza da cuberta con retirada de depósito vello de auga sen utilidade

As actuacións comunicadas levaranse a cabo sobre a parcela con referencia catastral 000101500NH43C, emprazada en Trobe, 4 - Trobe (San Andrés), en solo cualificado polo vixente PXOM deste concello como Dos núcleos rurais. N-1, e cun prazo de execución de 12 meses.

A Xunta de Goberno Local, á vista do contido do expediente e a salvo do dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, acorda:

Primeiro.- Tomar coñecemento da mencionada comunicación previa e do seu contido, debendo axustarse aos termos da documentación achegada e aos datos comunicados.

Segundo.- Aprobar a liquidación provisional do imposto correspondente que ascende á cantidade de euros cento seis euros con setenta céntimos (#106,70#).

2.15.- Comunicación de obra de don José Raúl Vilasuso Lesta
(Expediente número 2023/U026/000080)

Dáse conta do citado expediente de comunicación de obra promovido por don José Raul Vilasuso Lesta para reconstrución de muro de peche, co estremeiro, de aproximadamente 10 metros de largo, repoñendo pedra e bloque

As actuacións comunicadas levaranse a cabo sobre a parcela con referencia catastral 0010001400NH34B, emprazada en Paradela, 8 - Sales (San Xián), en solo cualificado polo vixente PXOM deste concello como Dos núcleos rurais. N-1, e cun prazo de execución de 12 meses.

A Xunta de Goberno Local, á vista do contido do expediente e a salvo do dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, acorda:

Primeiro.- Tomar coñecemento da mencionada comunicación previa e do seu contido, debendo axustarse aos termos da documentación achegada e aos datos comunicados.

Segundo.- Aprobar a liquidación provisional do imposto correspondente que ascende á cantidade de sesenta euros (#60,00#).

3º.- Dar conta de Resolucións da Alcaldía.

Dáse conta das Resolucións da Alcaldía do mes de novembro:

DECRETO	DATA	ASUNTO
828	02/11/2023	Aprobación modificación factura correspondente á vivenda núm. 11 de Eiravedra –Santa Cruz de Ribadulla do 3º trimestre de 2023 por abastecemento de auga por erro material
829	02/11/2023	Aprobación xustificantes de gastos vinculados a prestacións varias incluídos na relación de facturas F.2023.30 por importe de 112.241,93 euros
830	02/11/2023	Aprobación xustificantes de gastos vinculados á empresa Droguería – Ferretería El Sol, S.L incluídos na relación de facturas F.2023.31 por importe de 15.423,90 euros
831	02/11/2023	Declarando como persoal laboral fixo (estabilización de emprego temporal: coordinador/a de cultura) a dona Silvia Couto Rendo
832	02/11/2023	Declarando como persoal laboral fixo (estabilización de emprego temporal: axente de turismo e medio ambiente) a dona Montserrat de la Fuente Fernández
833	02/11/2023	Declarando como persoal laboral fixo (estabilización de emprego temporal : monitoras de ludoteca) a dona Sonia María Carbia Cutrín e a dona Rocío Campaña García
834	02/11/2023	Declarando como persoal laboral fixo (estabilización de emprego temporal: encargado de PC, mantemento de espazos naturais e outros) a don Rogelio Lareo Mougán
835	03/11/2023	Clasificación ofertas contrato de prestación de servizo de limpeza de locais municipais (exp. 2023/C004/000002) (2 Lotes) e requirimento a Limpezas Faro, S.L, como mellor clasificado (oferta integradora)
836	03/11/2023	Adxudicación operación de crédito a curto prazo (póliza) por importe de 400.000 euros e prazo dun ano a Abanca Corporación Bancaria, S.A

837	03/11/2023	Convocatoria membros tribunal cualificador do proceso de selección para a cobertura dunha praza de conserxe e servizos múltiples (estabilización do emprego temporal).
838	03/11/2023	Cambio titularidade recibos da taxa de recollida de lixo da vivenda núm. 37 de Laraño – San Xián de Sales
839	03/11/2023	Convocatoria membros tribunal cualificador do proceso de selección para a cobertura de dúas prazas de operario/a de brigada verde e servizos varios (estabilización do emprego temporal).
840	03/11/2023	Convocatoria membros tribunal cualificador do proceso de selección para a cobertura dunha praza de operario/a de RSU (estabilización do emprego temporal).
841	03/11/2023	Convocatoria membros tribunal cualificador do proceso de selección para a cobertura dunha praza de operario/a de maquinaria e servizos (estabilización do emprego temporal).
842	03/11/2023	Cambio titularidade recibos da taxa por sumidoiros da vivenda núm. 37 de Laraño – San Xián de Sales
843	03/11/2023	Aprobación conta xustificativa, anualidade 2023, da subvención concedida para o proxecto piloto talento interxeracional , no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola UE (NexGenerationEU)
844	03/11/2023	Aprobación certificación núm. 7 da obra de Saneamento en Santa Cruz (POS + Adicional 2/2021) e factura correspondente da empresa adxudicataria Obras y Viales de Galicia, S.L, por importe de 27.017,22 euros
845	03/11/2023	Modificación suxeito pasivo padrón fiscal taxa de lixo da vivenda núm. 18 de Neira de Arriba – San Mamede de Ribadulla
846	03/11/2023	Modificación suxeito pasivo padrón fiscal taxa por rede de sumidoiros da vivenda núm. 18 de Neira de Arriba – San Mamede de Ribadulla
847	03/11/2023	Aprobación certificación núm. 1 da obra de Colectores de saneamento en Bazar (POS + 2022) e factura correspondente da empresa adxudicataria Construcciones Caldevergazo S.L, por importe de 14.259,51 euros
848	03/11/2023	Aprobación conta xustificativa da subvención concedida para o programa Voluntariado Sénior
849	03/11/2023	Altas no padrón municipal de habitantes
850	06/11/2023	Expediente limpeza de finca (Ref. Catastral15090A50500566)
851	06/11/2023	Altas no padrón municipal de habitantes
852	07/11/2023	Adxudicación asistencia técnica control de calidade da obra de Mellora de camiños en Tomonde (PMM 2023/2024) (Expediente núm. 2023/C002/000031)
853	07/11/2023	Cambio titularidade recibos taxa de recollida de lixo da vivenda núm. 23 de Tomonde – Santa Cruz de Ribadulla
854	07/11/2023	Cambio titularidade recibos taxa de recollida de lixo da vivenda núm. 26 de Cornado – San Fins de Sales
855	07/11/2023	Cambio titularidade recibos taxa de recollida de lixo da vivenda núm. 7 de Feal – San Mamede de Ribadulla
856	07/11/2023	Contratación por circunstancias de produción en situacións ocasionais previsibles e de duración reducida e delimitada a D ^a . Vanesa Tato para o servizo de recollida de lixo, procedente das listas do último proceso selectivo para a contratación dun axudante de recollida de lixo financiado polo PEL-Deputación 2023, para cubrir permisos do persoal dese servizo
857	07/11/2023	Solicitude de subvención para o financiamento dos servizos sociais comunitarios

858	08/11/2023	Cambio titularidade recibos taxa de recollida de lixo da vivenda núm. 8 de Albela de Arriba – Santa Cruz de Ribadulla
859	08/11/2023	Cambio titularidade recibos taxa por rede de sumidoiros da vivenda núm. 37 de Castro – Ponte Ulla
860	08/11/2023	Aprobación xustificantes de gastos vinculados a prestacións varias incluídos na relación de facturas F.2023.32 por importe de 237.261,46 euros
861	08/11/2023	Cambio titularidade recibos taxa de recollida de lixo da vivenda núm. 2 de Retorta – Ponte Ulla
862	08/11/2023	Aprobación certificación núm. 1 e última da obra de Reforma da piscina municipal de Vedra e factura correspondente da empresa adjudicataria Construcciones Icafer, S.L, por importe de 28.669,38 euros
863	08/11/2023	Aprobación certificación núm. 1 e última da obra de Parque infantil no CPI Plurilingüe de Vedra e factura correspondente da empresa adjudicataria Construcciones y Repuestos Boqueixón, S.L, por importe de 39.817,00 euros
864	08/11/2023	Aprobación listaxe cobradora mediante domiciliación bancaria do SAF, modalidade libre concorrencia, correspondente á mensualidade de outubro
865	08/11/2023	Aprobación listaxe cobradora mediante domiciliación bancaria do SAF, modalidade dependencia, correspondente á mensualidade de outubro
866	08/11/2023	Aprobación listaxe cobradora mediante domiciliación bancaria do servizo de EIM , concepto comedor, correspondente á mensualidade de outubro
867	08/11/2023	Aprobación conta xustificativa da subvención concedida para o investimento Parque infantil no CPI Plurilingüe
868	08/11/2023	Aprobación conta xustificativa da subvención concedida para o investimento reforma de piscina municipal de Vedra
869	08/11/2023	Concesión para vacante no Programa Conxuga, modalidade ludoteca, curso 2023/2024 a AVP
870	08/11/2023	Concesión para vacante no Programa Conxuga, modalidade servizo de madrugadores, curso 2023/2024 a EHN
871	09/11/2023	Expediente de limpeza de finca en Trasariz de Abaixo -Vedra
872	09/11/2023	Cambio titularidade recibos taxa de recollida de lixo da vivenda núm. 14 de Ribeira – San Pedro de Sarandón
873	09/11/2023	Aprobación listaxe cobradora mediante domiciliación bancaria do Programa Conxuga, modalidade ludoteca, correspondente á mensualidade de novembro
874	10/11/2023	Aprobación conta xustificativa da subvención nominativa concedida á Asociación Cultural San Campio e orde de pagamento segundo convenio
875	10/11/2023	Cambio titularidade recibos taxa de recollida de lixo da vivenda núm. 1 de Manteles de Arriba – Vedra
876	10/11/2023	Aprobación conta xustificativa da subvención nominativa concedida ao Club de montaña Vértice e orde de pagamento segundo convenio
877	13/11/2023	Aprobación listaxe cobradora mediante domiciliación bancaria do servizo de cesión de uso de posto no Centro de Emprendemento A Estación, correspondente ao mes de novembro
878	13/11/2023	Aprobación listaxe cobradora mediante domiciliación bancaria do Programa Conxuga, modalidade servizo de madrugadores, correspondente á mensualidade de novembro
879	13/11/2023	Inscripción no rexistro de animais de compañía

880	14/11/2023	Adxudicación contrato de prestación do servizo de limpeza de locais municipais (2 lotes) (Expediente núm. 2023/C004/000002) a Limpezas Faro, S.L (Oferta integradora)
881	14/11/2023	Cumprimento trienios persoal municipal
882	15/11/2023	Aprobación quilometraxe do persoal do Centro de Información á Muller (CIM) correspondente ao 3º trimestre de 2023
883	15/11/2023	Aprobación listaxe cobradora mediante domiciliación bancaria do servizo de inglés, correspondente á mensualidade de novembro
884	15/11/2023	Cambio de domicilio no padrón municipal de habitantes
885	16/11/2023	Cambio titularidade SAF- Libre concorrencia e actualización intensidade e copago de MDMR
886	16/11/2023	Baixa no SAF- Libre concorrencia para paso á modalidade de dependencia de MRJPA
887	16/11/2023	Baixa no SAF- Libre concorrencia para paso á modalidade de dependencia de RRFV
888	16/11/2023	Altas no padrón municipal de habitantes
889	16/11/2023	Concesión de tarxeta de aparcamento para persoas con discapacidade a MIV
890	16/11/2023	Altas no padrón municipal de habitantes
891	16/11/2023	Refacturación servizo de abastecemento de auga do 3º trimestre de 2023
892	17/11/2023	Solicitude de participación na convocatoria da Deputación do programa de subvencións a concellos para financiar gastos de persoal técnico nos servizos municipais de deporte 2024
893	17/11/2023	Solicitude de participación na convocatoria da Deputación do programa de socorrismo dirixido a concellos do interior da provincia de menos de 50.000 habitantes
894		Inicio expediente de reposición de legalidade urbanística por actuacións consistentes en muros de contención e acceso a vivenda en execución en Quintáns – San Xián de Sales
895	17/11/2023	Aprobación certificación núm. 2 da obra de Colectores de saneamento en Bazar (POS + 2022) e factura correspondente da empresa adxudicataria Construcciones Caldevergazo S.L, por importe de 25.926,46 euros
896	17/11/2023	Aprobación xustificantes de gastos vinculados a telefonía e internet incluídos na relación de facturas F.2023.34 por importe de 3.043,44 euros e abonos por importe de -26,29 euros
897	17/11/2023	Aprobación conta xustificativa da subvención nominativa concedida á Asociación Cultural do Ensino da Arte da Música (Escola de Música e orde de pagamento segundo convenio
898	17/11/2023	Aprobación xustificantes de gastos vinculados á subministración de enerxía eléctrica incluídos na relación de facturas F.2023.33 por importe de 8.131,22 euros e abonos por importe de -498,26 euros
899	17/11/2023	Incoación expediente lei de incendios parcela en Calzande- San Xián de Sales
900	20/11/2023	Altas no padrón municipal de habitantes
901	20/11/2023	Altas no padrón municipal de habitantes
902	21/11/2023	Convocatoria membros tribunal cualificador do proceso de selección para a cobertura dunha praza de limpador/a (estabilización do emprego temporal).
903	21/11/2023	Convocatoria membros tribunal cualificador do proceso de selección para a cobertura dunha praza de operario/a de servizos varios - augas (estabilización do emprego temporal).
904	21/11/2023	Altas no padrón municipal de habitantes

905	21/11/2023	Convocatoria membros tribunal cualificador do proceso de selección para a cobertura dunha praza de albanel oficial de 2ª (estabilización do emprego temporal).
906	22/11/2023	Convocatoria de selección de persoal para un posto de monitor/a de tempo libre a xornada completa por circunstancias de produción e volume de traballo, para o reforzo do servizo de madrugadores e ludoteca municipal
907	22/11/2023	Aprobación do Anexo I en relación as achegas económicas do servizo de conciliación CONXUGA para o curso 2023-2024 do convenio interadministrativo entre o concello de Vedra e o concello de Boqueixón en materia de conciliación
908	22/11/2023	Altas no padrón municipal de habitantes
909	22/11/2023	Cambio titularidade recibos taxa de recollida de lixo da vivenda núm. 12 de Manteles de Arriba – Vedra
910	23/11/2023	Cambio titularidade recibos taxa de recollida de lixo da vivenda núm. 23 de Galegos – Santa Cruz de Ribadulla
911	23/11/2023	Altas no padrón municipal de habitantes
912	24/11/2023	Aprobación gastos en concepto de axudas de custo aos participantes no Programa de Voluntariado Xuvenil Val do Ulla 2023
913	24/11/2023	Aprobación e orde de pagamento das nóminas correspondentes ao mes de novembro
914	24/11/2023	Aprobación xustificantes de gastos vinculados prestacións varias incluídas na relación de facturas F.2023.35 por importe de 160.180,95 euros
915	27/11/2023	Cambio titularidade recibos taxa por rede de sumidoiros da vivenda núm. 1 de Neira de Arriba – San Mamede de Ribadulla
916	27/11/2023	Cambio titularidade recibos taxa de recollida de lixo da vivenda núm. 1 de Neira de Arriba– San Mamede de Ribadulla
917	27/11/2023	Aprobación plan de seguridade e saúde da obra de Ampliación da rede de abastecemento en Viño grande e Trobe (POS + Adicional 2/2022)
918	27/11/2023	Aprobación cambio de tarifa taxa por rede de sumidoiros de local baleiro no núm. 14, baixo comercial, do lugar de Vista Alegre –Ponte Ulla
919	27/11/2023	Aprobación cambio de tarifa taxa de lixo de local baleiro no núm. 14, baixo comercial, do lugar de Vista Alegre –Ponte Ulla
920	27/11/2023	Baixa no SAF –Libre concorrencia de JCB
921	28/11/2023	Concesión de axuda de emerxencia social a MFM
922	28/11/2023	Adxudicación como contrato menor da xestión do Centro da Terceira Idade de Vedra(limpeza e cafetería) a Ampro Servicios Ambientales, S.L (Expediente núm. 2023/C002/000032)
923	28/11/2023	Altas no padrón municipal de habitantes
924	28/11/2023	Aprobación convocatoria e bases das axudas para o estudo do concello de Vedra, curso 2023/2024
925	28/11/2023	Aprobación conta xustificativa da subvención concedida para o programa de voluntariado xuvenil 2023
926	28/11/2023	Altas no padrón municipal de habitantes
927	28/11/2023	Concesión de axuda de emerxencia social a AB
928	29/11/2023	Altas no padrón municipal de habitantes
929	30/11/2023	Altas no padrón municipal de habitantes
930	30/11/2023	Cambio titularidade recibos taxa de recollida de lixo da vivenda núm. 4 de Recarei – San Cristovo de Merín

A Xunta de Goberno dáse por informada.

4º.- Outros asuntos.

4.1.- Aprobación liquidación achegas transporte metropolitano de Galicia

Dáse conta da comunicación da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, na que de acordo co disposto nas estipulacións terceira e oitava final do convenio de colaboración suscrito para a posta en marcha do Plan de Transporte Metropolitano, remiten a liquidación da achega 2022/2023 do Transporte Metropolitano de Galicia –ATM Santiago de Compostela:

Gasto estimado achegado para o ano 2022	2.427,55
Gasto real ano 2022	2.536,57
Diferenza Gasto real 2021 – estimación 2021	109,02
Estimación Programa tarifario 2023 (=gasto real 2022* porcentaxe)	3.326,46
TOTAL ACHEGA 2022-23	3.435,48
Porcentaxe estimado de repercusión sobre o 2022	131,14%

A Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro.- Aprobar a citada liquidación

Segundo.- Proceder ao seu ingreso na conta facilitada ao efecto

Conclúe ao fío das vinte e unha horas e quince minutos

O Secretario. Asdo: Carlos J. Méndez –Losada Abalo

O Alcalde. Asdo: Carlos Martínez Carrillo